



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 12 DE SETEMBRO DE 2014.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas do día doce de setembro de dous mil catorce, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez
- D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz

**Non asiste o Sr. Español Otero.**

**Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.-Alegre.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

### **PUNTO 1.- ACORDOS**

---

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar por vía de urxencia de M<sup>a</sup>.E.A.DV

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar por vía de urxencia de D. J.C.S

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio con cargo á dependencia do mes de XUÑO de 2014 cuio importe total ascende a cantidade de 1325,56 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio con cargo á prestación básica do mes de XUÑO de 2014 cuido importe total ascende a cantidade de 174,3 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio con cargo á dependencia do mes de XULLO de 2014 cuido importe total ascende a cantidade de 1292,26 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio con cargo á prestación básica do mes de XULLO de 2014 cuido importe total ascende a cantidade de 180,90 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio con cargo á dependencia do mes de AGOSTO de 2014 cuido importe total ascende a cantidade de 1419,58 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio con cargo á prestación básica do mes de AGOSTO de 2014 cuido importe total ascende a cantidade de 170,70 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de XULLO DE 2014 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de G.G.R. a partir do 01/08/2014 por 45 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar por Lei de Dependencia de D.G.R. a partir do 01/08/2014 por 30 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de J.M.J.A. a partir do 01/08/2014 por 26 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar por Lei de Dependencia de M<sup>a</sup>.C.D.A. a partir do 25/08/2014 por 21 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo ao incremento de horas de dependencia de H.M.P. de 21 horas mensuais a 30 horas mensuais, a partir do 01/08/2014.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar este incremento das horas de dependencia.

Lese o escrito RE 4258 de data 21 de xullo de 2014 presentado por D<sup>a</sup>. C.A.S., con enderezo na rúa Roda nº 57 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Roda nº 57-1º.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 2497 de data 12 de maio de 2014 presentado por D<sup>a</sup>. I.A.G., con enderezo na rúa República Dominicana nº 30-1º C da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa República Dominicana nº 30-1º B.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 4199 de data 17 de xullo de 2014 presentado por D<sup>a</sup>. G.F.M., con enderezo na rúa 1º Trav. Cruz nº 5-Figueiras da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito en na rúa 1º Trav. A Cruz nº 5-Figueiras.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 3417 de data 18 de xuño de 2014 presentado por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>.P.A.D., con enderezo na rúa República Dominicana nº 30-2º B da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa República Dominicana nº 30-2º B.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaración da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito RE 6946 de data 27 de decembro de 2013, presentado por D<sup>a</sup>. F.P.S. con enderezo na rúa Lugo nº 11-1º, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Lugo nº 11-1º.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2º trimestre do ano 2014 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 1º trimestre de 2015 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 6947 de data 27 de decembro de 2013, presentado por D. I.L.M. con enderezo na rúa Bechos nº 37, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Bechos nº 37º.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2º trimestre do ano 2014 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 3º trimestre de 2014 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 0464 de data 30 de xaneiro de 2014, presentado por D<sup>a</sup>. M.C.A.F. con enderezo na rúa Manuel Álvarez nº 6-2º C, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Manuel Álvarez nº 6-2º C.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2º trimestre do ano 2014 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 1º trimestre de 2015 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 0075 de data 08 de xaneiro de 2014, presentado por D<sup>a</sup>. M.E.A.L. con enderezo na rúa concepción Arenal nº 8, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Concepción Arenal nº 8 Bx.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2º trimestre do ano 2014 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 1º trimestre de 2015 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 0124 de data 10 de xaneiro de 2014, presentado por D. J.M<sup>a</sup>.A.A. con enderezo na rúa Aloqueiro nº 2, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Aloqueiro nº 2.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2º trimestre do ano 2014 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 1º trimestre de 2015 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 0210 de data 16 de xaneiro de 2014, presentado por D. J.V.G. con enderezo na rúa Laxes nº 9, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Laxes nº 9.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2º trimestre do ano 2014 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 1º trimestre de 2015 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 0536 de data 03 de febreiro de 2014, presentado por D<sup>a</sup>. R.A.A. con enderezo na rúa Castiñeira nº 7, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Castiñeira nº 7.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2º trimestre do ano 2014 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 1º trimestre de 2015 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 3 de setembro de 2014 comunicando o auto ditado o 31 de xullo de 2014 polo TSXG no recurso contencioso-administrativo nº 6020/96 entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra a desestimación presunta da denuncia formulada ante a Alcaldía da Guarda para que procedese á demolición das obras de construción de 8 vivendas no baixo da Urbanización da Armona.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do auto que se comunica dando traslado á oficina técnica municipal e acorda non entablar recurso de reposición contra o mesmo.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 18 de agosto de 2014 comunicando a sentenza ditada o 30 de xullo de 2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 272/13 entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra resolución presunta de denuncia urbanística presentada o 19 de abril de 2013 interesando a incoación do expediente de reposición da legalidade urbanística e demolición de obras realizadas pola entidade Mecalia, S.L. no lugar de Pinar de Rei – Pasaxe.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica e acorda dar traslado á Oficina Técnica Municipal para a súa constancia no expediente.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta do escrito RE 5.335 de data 11 de setembro de 2014, presentado por D. CARLOS POTES LESQUEREUX, dando conta da sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 4 de Vigo no procedemento promovido por Dña. Zahara María Lopez Troncoso sobre dereito á plaza na Escola Infantil Municipal da Guarda.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza.

Dase conta do escrito RE 4.660 de data 11 de agosto de 2014, remitido por DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL, xuntando copia da resolución pola que se autoriza ao arqueólogo Fernando Carrera Ramirez para a realización da consolidación e mellora da visión e relación en cinco estruturas localizadas no sector D do castro de Santa Trega.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 4.865 de data 21 de agosto de 2014, remitido por PORTOS DE GALICIA – SERVIZOS CENTRAIS, informando da implantación de censos de usuarios nos portos de competencia autonómica.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 5.021 de data 1 de setembro de 2014, remitido por XEFATURA PROVINCIAL DE TRÁFICO DE PONTEVEDRA, xuntando copia da autorización da Directora Xeral de Tráfico para a celebración da Vuelta Ciclista a España 2014 – 69ª edición.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 5.203 de data 8 de setembro de 2014, presentado por Dña. Néida Rodríguez Giraldez, en representación de CRUZ VERMELLA BAIXO MIÑO, solicitando permiso para dispoñer dunha aula no antigo colexio Manuel Rodríguez Sinde os martes dos meses de outubro e novembro para levar a cabo un taller gratuito de arte floral e doutra aula na casa de oficios os días 11, 18 e 25 de outubro para realizar un curso de primeiros auxilios básicos.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado indicándolle que o Concello se porá en contacto coa solicitante para coordinar horarios.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 4.407 de data 30 de xullo de 2014, presentado por D. ROGELIO DOMINGUEZ PEREIRA, con enderezo na rúa Pozas, nº 4 da Guarda, solicitando a revisión do contador de consumo de auga municipal do obxecto tributario Pozas, nº 4 e a anulación dos recibos do 2º e 3º trimestres de 2014 xa que se produciu unha lectura excesiva.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular os recibos correspondentes ós 2º e 3º trimestres de 2014 e emitir uns novos pola media ponderada.

Lese o escrito RE 4.705 de data 13 de agosto de 2014, presentado por Dna. Mercedes Giraldez Lomba, actuando en representación de ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS SANTA TECLA, con enderezo postal no Apartado de Correos nº 63 de A Guarda, solicitando autorización para dispoñer da cociña do albergue os meses de outubro, novembro e decembro de 2014.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado previa coordinación de horarios co Concello.

Dase conta do escrito RE 4.501 de data 1 de agosto de 2014, remitido pola DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL, comunicando a resolución de caducidade e arquivo do expediente do procedemento sancionador incoado a Alexandre Miguel Fernández Barbosa como responsable dos danos derivados da corta de árbores e abandono dos restos da mesma así como dos estragos ocasionados polo uso de maquinaria pesada nas pistas forestais dentro do contorno do castro de Santa Tegra.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 4.500 de data 1 de agosto de 2014, remitido pola XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, comunicando a acordo adoptado polo xefe do servizo de Coordinación da Área Cultural no expediente promovido por este Concello para a protección do petroglifo da Praza da Igrexa sito na rúa Agustín Nandín Lomba.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 5.293 de data 10 de setembro de 2014, presentado por D. INDALECIO PERIN PERÍN, con enderezo no Polígono de Torneiros, Bloque 30-4ºD





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

de Porriño, solicitando a baixa do posto número 25 do mercado municipal da Guarda dende o 1 de outubro de 2014.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e dar traslado deste acordo á Tesoureiría.

### **PUNTO 2.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MENORES.**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 2.004/2014.- D<sup>a</sup>. ENCARNACIÓN RODRÍGUEZ GÓMEZ, PARA REPARAR A PARTE TRASEIRA DA CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 50,00 M<sup>2</sup>., CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA VELLA E PLAQUETAS DE CEMENTO, E COLOCAR URALITAE TELLA NOVA DO PAIS SUXEITA CON GANCHOS INOX., DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS N<sup>o</sup>. 29, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.326/2014.- D. ANTONIO GONZÁLEZ ÁLVAREZ, PARA AMPLIACIÓN DE PORTAL DE ENTRADA EXISTENTE EN 0,90 MTS. DA VIVENDA UNIFAMILIAR PROPIEDAD DE D<sup>a</sup>. JULIA SOUSA ÁLVAREZ, SITA NA RÚA DE TABOLADO N<sup>o</sup>. 2, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "TABOLADO-FUNCHIDOS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE 2.795/2014.- D<sup>a</sup>. JESUSA GONZÁLEZ VICENTE, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 45,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA PLANA EXISTENTE E COLOCAR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA DO PAIS CON REMATE DE CUMBREIRA E ALEIROS, DA EIFICACIÓN SITA NA RÚA DE VICENTA RODRÍGUEZ CACHADA N<sup>o</sup>. 3, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.059/2014.- DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE ALIMENTACIÓN, S.A., PARA ACONDICIONAMENTO DE PARCELA (POLÍGONO N<sup>o</sup>. 28 - PARCELA N<sup>o</sup>. 13) PARA APARCAMENTO DO SUPERMERCADO DIA, SITO NA RÚA DE CARRETERA SAN ROQUE, S/N. (ESTRADA PO-552. P.Q. 48,500. MARXE: DEREITA).

EXPEDIENTE: 3.190/2014.- D<sup>a</sup>. MARÍA DOLORES VICENTE ALFONSO, PARA REPARAR A FACHADA NUNHA SUPERFICIE DE 50,00 M<sup>2</sup>., CONSISTENTE EN AISLAMENTO TÉRMICO E ANTIHUMIDADE A PARTIRES DO PRIMEIRO FORXADO CON POLIESTIRENO DE 4 CMS. DE ESPESOR E MORTERO ACRILICO 150, E A



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PARTE BAIXA CON MORTERO ACRILICO DA EDIFICACIÓN SITA NA PRAZA DE A GUIA Nº. 8, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.547/2014.- D. ISIDRO ELOY GONZÁLEZ GIRALDEZ, PARA REFORMA DE LOCAL SIN USO COMERCIAL, SITO NA RÚA DE DIEGO ANTONIO GONZÁLEZ Nº. 7-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE 2.462/2014.- D. MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ, COLOCACIÓN DE 49 ML. DE FRANXA DE PEDRA DE 25X30 CMS., COLOCACIÓN DE PEDRA DE ESQUINAS A DOBLE CARA DE 30X30 E COLOCACIÓN DE 16 SOLEIRAS DE PEDRA E RECERCADO DE VENTÁS, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE LAXE GRANDE Nº. 5, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.332/2014.- D<sup>a</sup>. MARÍA MERCEDES OTERO RODRÍGUEZ, PARA REPARAR O TELLADO NUNHA SUPERFICIE DE 140,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN SACAR A TELLA APROVEITANDO A BOA PARA CANALES E REPOR CON TELLA NOVA, NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE A PORTELA Nº. 27, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.669/2014.- D. DANIEL CRUCES FERNÁNDEZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 160,00 M<sup>2</sup>., CONSISTENTE NA RETIRADA DA TELLA EXISTENTE E SUBSTITUÍLA POR CHAPAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CURVA DO PAIS FIXADA CON PUNTOS DE ESPUMA PARA TELLA E ENGARZADA CON GANCHOS DE ACEIRO INOX., DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE A CRUZ Nº. 53, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.034/2014.- D. PAULINO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, PARA COLOCACIÓN DE BALDOSAS DE BEIRARRÚAS ASENTADA CON MORTERO DE CEMENTO NUNHA SUPERFICIE DE 40,00 M<sup>2</sup>., NA PARTE OESTE DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE XUNQUEIRIÑAS Nº. 15, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE 828/2014.- D. ELOY FAJAR ÁLVAREZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 171,40 M<sup>2</sup>., CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA PLANA POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CURVA DO PAIS SOBRE BARDOS DE FORMIGÓN EXISTENTES, E INSTALACIÓN DE 2 VENTAS TIPO "VELUX", NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 2º TRV. CORUTO VELLO Nº. 15, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE 2.856/2014.- UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. RPRS. POR D. FERNANDO VAL LÓPEZ, PARA CANALIZACIÓN SUBTERRÁNEA NUNHA LONXITUDE DE 48 MTS. PARA INSTALAR LIÑA DE BAIXA TENSIÓN DE SUMINISTRO ELÉCTRICO DE 17,25 KW. A VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE PINTÁN, S/N. (PARCELA 338-POLÍGONO 6), EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "PINTÁN-PROBA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N.º. 9 DO P.X.O.U.). (N.º. SGD: UD248112110102).

EXPEDIENTE: 3.322/2014.- D. MANUEL AVELINO ALONSO CIVIDANES, PARA DEMOLICIÓN E RECONSTRUCCIÓN DE MURO DE MAMPOSTERÍA PICADA E ACUÑADA A 2 CARAS VISTAS EN FORMACIÓN DE CIERRE NUNHA SUPERFICIE DE 20,00 M<sup>2</sup>., SITO NA RÚA DE 1º TRV. ALOQUEIRO N.º. 8, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS (ORDENANZA N.º. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.716/2014.- D<sup>a</sup>. CARMEN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, PARA REPARAR E ADECENTAR MURO DE MAMPOSTERÍA DO PECHE FRONTAL CONSISTENTE NA RETIRADA DE LADRILLOS E ENCINTADO CON MORTERO DE CEMENTO, SITO NA RÚA DE SAN CAETANO, S/N. (PARCELA N.º. 240 DO POLÍGONO N.º. 23), EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.881/2014.- D. COSME GONZÁLEZ ÁLVAREZ, PARA PECHE LATERAL CONTRA LINDEIRO NUNHA LONXITUDE DE 16,00 MTS., REALIZADO CON CINCHO DE FORMIGÓN, UNHA ALTURA DE 1,00 MTS. ÓPACO CON BLOQUES REVESTIDO E PINTADO E 0,50 MTS. DIÁFANO CON REDE METÁLICA, SITO NA RÚA DE LONGRA N.º. 14, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA N.º. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.012/2014.- D<sup>a</sup>. ISABEL SALINAS FRANCO, PARA REPARAR AS FACHADAS NUNHA SUPERFICIE DE 180,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE NA LIMPEZA DE TODA-LA SUPERFICIE CON MÁQUINA A PRESIÓN E LIQUIDO FUNGICIDA, E POSTERIOR APLICACIÓN DE FONDO COTETERM E MORTERO ACRÍLICO, NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE LONGRA N.º. 12, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA N.º. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.170/2014.- D. ANTONIO JUSTO RODRÍGUEZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 174,53 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN RETIRAR A URALITA EXISTENTE E COLOCACIÓN DUNHA NOVA URALITA E CUBERTA CON TELLA DO PAIS, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS N.º. 93, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA N.º. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.073/2014.- D. VICTOR GONZÁLEZ BAQUERO, FORRADO DE FACHADA LATERAL CON ONDULINE DE COR MARFIL NUNHA SUPERFICIE DE



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

73,00 M<sup>2</sup>., DA EDIFICACIÓN SITA NA PRAZA DE A GUIA Nº. 11, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.109/2014.- D. OSCAR LAGOS AMORIN, COLOCACIÓN DE AISLANTE TÉRMICO E ANTIHUMIDADE, SISTEMA S.T.E. DE 6 CMS. DE ESPESOR EN TEITO EXTERIOR EN FACHADA PRINCIPAL FRENTE FACHADA A 1 MTS. DE ALTO, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE A CAL Nº. 167, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 3 DO P.X.O.U.).

### **PUNTO 3.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS PARA ACTIVIDADES.**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras adaptación de locais para actividades:

EXPEDIENTE: 2.592/2014.- D. LORENZO RODRÍGUEZ CORREA, PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA VENTA DE MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN SITO NA RÚA DE GALICIA Nº. 88-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

### **PUNTO 4.- OBRAS MAIORES**

---

#### **EXPEDIENTE NÚMERO: 932/2013.**

Examinado o proxecto técnico presentado con data 20-02-2014 (R.E. nº. 932), por TRASIL INVERSIÓNS, S.L. con N.I.F. nº. B-94.026.002M e con domicilio na rúa de Oia, nº 12-4ºG de Tui-C.P. 36700, para "MELLORA DE ACCESIBILIDADE E ENVOLVENTE TÉRMICA DE EDIFICIO DE VIVENDAS" DESARROLLADO EN (PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA, PLANTA SEGUNDA, PLANTA TERCEIRA, PLANTA CUARTA E PLANTA BAIXO CUBERTA), SITO NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN Nº. 1, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.) "EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO" segundo proxecto técnico suscrito polos arquitectos Faustino Patiño Cambeiro e Juan Prieto López (Visado C.O.A.G.: 19-02-2013).

**PRIMEIRO.-** Visto o informe técnico de data 16-01-2014, considérase **favorable** ó outorgamento da licenza de obras.

**SEGUNDO.-** Visto o informe xurídico de data 23-01-2014, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconveniente, polo cal informase **favorablemente**.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **TRASIL INVERSIÓNS, S.L.** licenza para MELLORA DE ACCESIBILIDADE E ENVOLVENTE TÉRMICA DE EDIFICIO DE VIVENDAS” DESARROLLADO EN (PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA, PLANTA SEGUNDA, PLANTA TERCEIRA, PLANTA CUARTA E PLANTA BAIXO CUBERTA), SITO NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN Nº. 1, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.) “EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO” de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momeno de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

### **TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:**

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **PUNTO 5.- LICENCIAS DE APERTURA**

---

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenzia municipal promovida por D. LORENZO RODRIGUEZ CORREA (RE 2.592 de 14/05/2014) para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MAIOR MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN (EPIG. 617.4) situado na rúa de Galicia, nº 88-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D. LORENZO RODRIGUEZ CORREA licenzia municipal nº 26/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MAIOR MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN (Epiq. 617.4) situado na rúa de Galicia, nº 88-baixo da Guarda.

### **PUNTO 6.- CAMBIO TITULARIDADE DE LICENZIA DE APERTURA**

---

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenzia municipal promovida por D<sup>a</sup>. SILVIA MARTINEZ RODRIGUEZ (RE 4.197 de 15.07.2014), para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR DE MERCERÍA-PAQUETERÍA (Epiq. 651.4) sito na rúa de Vicente Sobrino, nº 20-baixo que antes figuraba a nome de BERRIDY, C.B.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D<sup>a</sup>. SILVIA MARTINEZ RODRÍGUEZ cambio de titularidade na licenzia municipal que antes figuraba a nome de BERRIDY, C.B. para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR DE MERCERÍA - PAQUETERÍA (Epiq. 651.4) sito na rúa de Vicente Sobrino, nº 20-baixo de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenzia municipal promovida por D. JOSE PABLO JANUARIO PEREIRA (RE 4.170 de 14.07.2014), para o local dedicado a actividade



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

de CAFÉ-BAR (Epíg. 673.2) sito na rúa de Ireira, nº 3-baixo que antes figuraba a nome de DNA. CELESTE GONÇALVES ESTEVES.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D. JOSE PABLO JANUARIO PEREIRA cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de CELESTE GONÇALVES ESTEVES para o local dedicado a actividade de CAFÉ-BAR (Epíg. 673.2) sito na rúa de Ireira, nº 3-baixo de A Guarda.

*Sendo as once horas e trinta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.*